

INFORMACIÓN SOBRE PODCASTS E PARTICIPANTES IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA - MUROS

Todos estes programas de radio foron realizados polo alumnado de 1º ESO B1 durante o período de confinamento do curso 2019/2020. Aínda que nesta mostra só participan 4 persoas, involucráronse no proxecto un total de 20 estudantes.

A docente de Lingua Galega proporcionáballe semanalmente unhas pautas sobre temáticas a tratar e formatos de programa. Posteriormente, cada alumno/a escollía a temática ou sección na que traballar. En primeiro lugar, elaborábase a escaleta e o guión do seguinte xeito: o alumnado enviaba a súa proposta e a docente facía as puntualizacións e correccións pertinentes. Unha vez pechada a parte escrita, o alumnado procedía a gravarse co seu teléfono móbil e compartía os arquivos de audio coa docente para que puidera realizar o labor de edición.

Cómpre sinalar que, debido a esta última circunstancia, a calidade técnica dos programas é limitada, pois o feito de ter que gravar con teléfonos móbiles en contextos domésticos e non co equipo radiofónico do centro condiciona o resultado. Malia isto, a experiencia foi moi satisfactoria e enriquecedora, e a radio foi un xeito de converter unha dificultade (a imposibilidade de dar clase presencialmente) nunha oportunidade (a introdución dunha ferramenta didáctica motivadora e inclusiva). De feito, esta iniciativa foi valorada positivamente por toda a comunidade educativa e seguirá en marcha durante o presente curso integrando máis alumnado, docentes e familias.

**Debido ao feito de desenvolver este proxecto no período de confinamento non contamos con material gráfico do proceso de elaboración dos podcasts, pois foi un traballo feito de xeito grupal pero a distancia. Con todo, non teriamos problema en facilitar algunha fotografía das persoas participantes agora que podemos compartir espazo.*

Confinamento nas Ondas_Especial Carvalho Calero

Debullando o contido dos nosos podcasts, argallamos un pequeno monográfico dedicado á poesía de Ricardo Carvalho Calero, autor homenaxeado nas Letras Galegas 2020.

Participan neste programa as alumnas Laura Caamaño e Daniela Sande.

Coordinación e edición: Olalla Liñares (docente de Lingua Galega e Literatura).

Música: Marful - 'Pido talvez'.

Guión resumo:

- Sintonía e presentación (Laura Caamaño).
- Música: Marful – 'Pido Talvez' (Laura Caamaño).
- Recital do poema 'Ferrol 1916' de Ricardo Carvalho Calero (Daniela Sande).
- Despedida (Laura Caamaño).

Confinamento nas Ondas_Especial Rosalía de Castro

Debullando o contido dos nosos podcasts, argallamos un pequeno monográfico dedicado á poesía de Rosalía de Castro.

Participan neste programa as alumnas Lara Saborido e Daniela Sande.

Coordinación e edición: Olalla Liñares (docente de Lingua Galega e Literatura).

Música: Aid - 'Adiós Ríos'.

Guión resumo:

- Sintonía e presentación (Lara Saborido).
- Música: Aid - 'Adiós Ríos' (Daniela Sande).
- Recital do poema 'Adiós Ríos' de Rosalía de Castro (Lara Saborido).
- Despedida (Daniela Sande).

Confinamento nas Ondas_Especial regueifa

Debullando o contido dos nosos podcasts, argallamos un pequeno monográfico dedicado á poesía oral improvisada, máis concretamente á regueifa.

Participan neste programa a alumna Lara Saborido e o alumno Marcos Lago.

Coordinación e edición: Olalla Liñares (docente de Lingua Galega e Literatura).

Música: Habelas Hainas – 'Danza'

Guión resumo:

- Sintonía e presentación (Lara Saborido).
- Regueifa sobre o confinamento (Lara Saborido e Marcos Lago).
- Música: Habelas Hainas - 'Danza'.
- Despedida (Lara Saborido).